O.E. BOIRO EMPREGA – ESCOLA OBRADOIRO XARDÍNS DE BOIRO II
POLÍGONO DE ESPIÑEIRA, PARCELA 20 – 15930 BOIRO – A CORUÑA
TLFO: 636 212 776 – 606 927 380 – 609 960 318 E-MAIL: obradoiro@boiro.org

OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA

Dende o Obradoiro de Emprego "Boiro Emprega – Escola Obradoiro Xardíns de Boiro II" o 1 de febreiro de 2017 realizouse unha visita formativa na que participou todo o alumnado/traballador acompañado dos docentes de xardinaría e da titora.
O percorrido da visita formativa foi o seguinte:

1- Lourizán (Centro de experimentación e formación agroforestal, xardín botánico e Centro de investigación forestal). Os alumnos/traballadores fixeron un percorrido con guía polas súas instalacións, onde coñeceron o funcionamento dun laboratorio de semente, un viveiro, visitaron os invernadoiros e recibiron información dos ciclos medios e superiores alí impartidos.

2- Viveiro forestal e ornamental de Norfor. Visitaron cun guía as súas instalacións que constan de distintas áreas de produción clonal de eucaliptos, produción forestal e unha área ornamental composta por un centro de xardinería e unha aula da natureza.

3- Lago de castiñeiras. Paraxe natural pola cal os alumnos/traballadores fixeron un percorrido, identificando as distintas árbores e plantas alí localizadas coa axuda dos docentes e dos carteis identificadores da súa especie e antigüidade. Puideron divisar exemplares como a acacia negra, araucaria de Brasil e ciprés dos pantanos de Florida entre outras.

O Obradoiro de Emprego "Boiro Emprega – Escola Obradoiro Xardíns de Boiro II" está cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo, e promovido polo Concello de Boiro.

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

UNIÓN EUROPEA

CONCELLO DE BOIRO

galicia

XUNTA DE GALICIA